

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de DECEMBRO de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno, por delegación a Secretaria Xeral do Pleno M^a Concepción Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1926).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Por unanimidade dos presentes apróbase a ratificación da urxencia da sesión.

2(1927).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL A FAVOR DO INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI) POLO PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO FEIRAL PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS CULTURAI S “FESTIVAL ALTERNATIVO 2009”. EXPTE. 3384/335.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 10 de decembro da técnica do Servizo de Animación Sociocultural conformado polo concelleiro

delegado, visto o informe do interventor xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións realizadas no expediente 3279/335 relativo ó convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) para a organización de eventos culturais. “Festival Alternavigo”. Expte.: 3279/335.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor do IFEVI pola organización do Festival ALTERNAVIGO no mes de agosto de 2009 dentro das Festas de Vigo por importe de 120.060 € iva incluído.

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor del IFEVI por importe de 120.060 (IVE incluído) (CENTO VINTE MIL CON SESENTA EUROS) en concepto de organización do Festival ALTERNAVIGO realizado no mes de agosto de 2009 e encadrado dentro das festas de Vigo.

3(1928).- PROXECTO MODIFICADO NÚM. 2 DAS OBRAS DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE.49231/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 22 de decembro da xefa da Área de Benestar Social, conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto modificado número 2, sen incremento económico, das obras de eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios e dependencias municipais.

4(1929).- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.” POLO GASTO DO SERVIZO DO BUS TURÍSTICO DENDE OUTUBRO DE 2004 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2008. EXPTE. 3157/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 17 de decembro da xefa do Servizo de Turismo e Comercio conformado polo concelleiro delegado, vistos os informes da Asesoría Xurídica e máis do interventor xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade “Viguesa de Transportes S.L.”, con CIF: B-36.693.778, en relación co gasto do servizo do bus turístico dende outubro de 2004 ata o 31 de decembro de 2008, polo importe total de 52.714,71 € (IVE inc.):

Nº FACT.	DATA	Nº REXISTRO	IMPORTE	CONCEPTO
U/60	31/08/2006	50158996	4.041,50 €	Servizo bus turístico outubro 2004 – xuño 2005
U/68	15/09/2006	70062434	10.806,73 €	Servizo bus turístico xullo 2005–decbro. 2005
U/100	31/12/2006	70000684	18.317,31 €	Servizo bus turístico xaneiro 2006–decbro2006

U/135	31/12/2007	80002054	8.251,92 €	Servizo bus turístico xaneiro 2007–decbro2007
U/164	31/12/2008	90023059	11.297,25 €	Servizo bus turístico xaneiro 2008–decbro2008

con cargo á partida 7510.2270605 “Servizo bus turístico”, segundo a modificación de crédito 75/09 do vixente orzamento para o ano 2009.

5(1930).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE “CIDADE DE VIGO BASQUET” POR GASTO DE PATROCINIO PUBLICITARIO DA LIGA ADECCO ORO. EXPTE. 3165/104

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 21 de decembro emitido polo coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, conformado pola xefa do Servizo de Turismo e máis polo concelleiro delegado, vistos os informes do interventor xeral e máis da Asesoría Xurídica de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade “CIDADE DE VIGO BASQUET”, con CIF: G36962694, en relación ós gastos de promoción turística de Vigo na Liga Adecco Oro de baloncesto, polo importe de 41.999,98 €, dos cales serán aboados a Tesourería Xeral da Seguridade Social, segundo dilixencia de embargo de bens de data 18/12/2009, a cantidade de 27.037,64 euros, de acordo coa factura de data 18/12/2009, núm. 09/42, con cargo a partida e á vinculación 7510.2260202 “RC Promoción Turismo de Vigo” do vixente orzamento.

6(1931).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE SOCIEDADE DEPORTIVA OCTAVIO VIGO POLO PATROCINIO PUBLICITARIO NA LIGA ASOBAL. EXPTE. 2961/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de setembro emitido polo coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, conformado pola xefa do Servizo de Turismo e máis polo concelleiro delegado, vistos os informes da Asesoría Xurídica de data 10 de decembro e do interventor xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade “Sociedad Deportiva Octavio Vigo”, con CIF: G36907384, en relación ós gastos de promoción turística de Vigo na Liga ASOBAL, polo importe de 20.000 €, de acordo coa factura de data 02/06/2009, nº 290/012, con cargo á partida 7510.2260202 “RC Promoción Turismo de Vigo” do vixente orzamento.

7(1932).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS POLO PATROCINIO PUBLICITARIO DE VARIAS COMPETICIÓNS. EXPTE. 2959/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de setembro emitido polo coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, conformado pola xefa do Servizo de Turismo e máis polo concelleiro delegado, vistos os informes da Asesoría

Xurídica de data 10 de decembro e do interventor xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade “Club Deportivo Xuvenil Teis”, con CIF: G36713493, en relación ós gastos de promoción turística de Vigo nas competicións provinciais, autonómicas, nacionais e internacionais, polo importe de 28.000,01 €, de acordo coa factura de data 04/06/2009, nº A/1, con cargo á partida 7510.2260202 “RC Promoción Turismo de Vigo” do vixente orzamento.

8(1933).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE CORUXO CLUB DE FÚTBOL POLO PATROCINIO PUBLICITARIO NA PRIMEIRA NACIONAL DE FÚTBOL SALA. EXPTE. 2958/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de setembro emitido polo coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, conformado pola xefa do Servizo de Turismo e máis polo concelleiro delegado, vistos os informes da Asesoría Xurídica de data 10 de decembro e do interventor xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade “Club Coruxo de Fútbol”, con CIF: G36708212, en relación ós gastos de promoción turística de Vigo na 1ª Nacional de Fútbol Sala, polo importe de 5.000 €, de acordo coa factura de data 01/06/2009, nº A/52, con cargo á partida e a vinculación 7510.2260202 “RC Promoción Turismo de Vigo” do vixente orzamento.

9(1934).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS POLO PATROCINIO PUBLICITARIO XLV EDICIÓN DO RALLY RÍAS BAIXAS-VODAFONE. EXPTE. 2962/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de setembro emitido polo coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, conformado pola xefa do Servizo de Turismo e máis polo concelleiro delegado, vistos os informes da Asesoría Xurídica de data 10 de decembro e do interventor xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade “Escudería Rías Baixas”, con CIF: B36645398, en relación os gastos de promoción turística de Vigo na XLV edición do Rally Rías Baixas - Vodafone, polo importe de 56.000,00 €, de acordo coa factura de data 22/06/2009, nº 29/09, con cargo a partida 7510.2260202 “RC Promoción Turismo de Vigo” do vixente orzamento.

10(1935).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA FEDERACIÓN TERRITORIAL DE BOXEO POLO PATROCINIO PUBLICITARIO DE WBO. EXPTE. 2960/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de setembro emitido polo coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, conformado pola xefa do Servizo de Turismo e máis polo concelleiro delegado, vistos os informes da Asesoría Xurídica de data 10 de decembro e do interventor xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade “Federación Territorial Gallega de Boxeo”, con CIF: G15108996, en relación ós gastos de promoción turística de Vigo no Campionato do Mundo da WBO, polo importe de 20.000,00 €, de acordo coa factura de data 01/06/2009, núm. 15/09, con cargo á partida 7510.2260202 “RC Promoción Turismo de Vigo” do vixente orzamento.

11(1936).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA FUNDACIÓN CICLISMO GALEGO POLO PATROCINIO PUBLICITARIO DA VOLTA CICLISTA A ESPAÑA 2008. EXPTE. 2963/104

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de setembro emitido polo coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, conformado pola xefa do Servizo de Turismo e máis polo concelleiro delegado, vistos os informes da Asesoría Xurídica de data 10 de decembro e do interventor xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade “Fundación Ciclismo Galego”, con CIF: G36976959, en relación ós gastos de promoción turística de Vigo na Volta Ciclista a España, polo importe de 20.880,00 €, de acordo coa factura de data 26/11/2008, núm. 044/08, con cargo a partida 7510.2260202 “RC Promoción Turismo de Vigo” do vixente orzamento”.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

kv.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.